GRIAL
REVISTA GALEGA DE CULTURA
185 xaneiro, febreiro, marzo 2010
Tomo XLVIII

Catro camiños de peregrinación

X. L. Barreiro Rivas, Mounira Chapoutot-Remadi, Francisco Villegas, Luís Ocaña



X. L. Méndez Ferrín: o conto que nunca se publicou (1958). Tristán o Roxo

María Dolores Villanueva

Conversa con Carlos Alberto Faraco

Henrique Monteagudo

Língua e literatura portuguesas no quadro da neolatinidade: esplendor, fraquezas e forças

Isabel Pires de Lima

A construción social da protesta nas redes sociais: Facebook. Arte de pesca identitarias

Alba Cid

Carta de Medellín

Ramón Piñeiro e o *Cancioeiro* de Pokorny

Anatomía dun certame de tradución

XOSÉ MANUEL DASILVA

Non cabe dicir que Ramón Piñeiro fose unha persoa abondo coñecida en 1950, cando presentou, en compañía de Celestino Fernández de la Vega, unha versión do *Cancioeiro da poesía céltiga*, de Julius Pokorny, ao concurso de traducións convocado pola Editorial de los Bibliófilos Gallegos. Ata daquela, antes da Guerra Civil, publicara só dous textos en 1931 e 1932, baixo o pseudónimo Luís de Veiga, na revista luguesa *Yunque*, recuperados nun recente número de GRIAL. Na posguerra, e logo de saír do cárcere, Piñeiro dera apenas a coñecer, o 12 de novembro de 1949, no suplemento do xornal *La Noche*, agora camuflado tras a sinatura Luís Veiga do Campo, un artigo sobre a poesía de Luís Pimentel. Curiosamente, a obra deste autor servira, algúns anos antes, para que Piñeiro tomase contacto por primeira vez co exercicio da tradución propiamente dito. En efecto, a maioría dos testemuños apuntan a que foi el o encargado de trasladar ao galego o orixinal de *Barco sen luces*, nas mans de Ánxel Casal no obradoiro da Editorial Nós cando estourou o levantamento militar do 18 de xullo.

No noso libro *Ramón Piñeiro, tradutor*[1], publicado hai uns meses, dedicamos dous capítulos íntegros a esmiuzar a xénese e a transcendencia da tradución do *Cancioeiro* de Pokorny. Á vista da descuberta que realizamos nas últimas datas de máis documentos relativos a esta versión —cartas variadas, informacións xornalísticas coevas e, en especial, o manuscrito da tradución—, nada substancial temos que corrixir arestora do que aparece no devandito volume, tal e como albiscabamos, por outra parte, no limiar que o precedía. Malia a todo, nesta ocasión propómonos afondar un pouco máis nas circunstancias que rodearon esta emblemática versión, sen dúbida unha das de meirande importancia ao longo da historia da tradución en Galicia pola notable influencia, entre outros motivos, que acabou tendo no proceso de conformación do galego culto.

A convocatoria do premio de Bibliófilos Gallegos e a elaboración da tradución do *Cancioeiro* de Pokorny

A Editorial de los Bibliófilos Gallegos, institución organizadora do certame que ganou o *Cancioeiro* de Pokorny, nacera en Santiago de Compostela en 1949, estreitamente vencellada ao Instituto Padre Sarmiento, para ocupar o baleiro que se apreciaba na posguerra con respecto ao libro galego. Por aqueles días, Juan de Vigo, pseudónimo do escritor Julio Sigüenza, denunciaba por exemplo desde as páxinas de *La Noche* a imposibilidade de atopar en ningures libros na nosa lingua[2]. Sobre este panorama desacougante, algo parecido opinaba Ramón Alvariño, nome baixo o que se ocultaba Leandro Carré Alvarellos, no artigo "Unas consideraciones acerca de los libros gallegos", difundido no mesmo xornal[3].

Os promotores principais da Editorial de los Bibliófilos Gallegos foron dúas personalidades afíns á ditadura franquista, Sánchez Cantón e Filgueira Valverde, respectivamente presidente e secretario, a carón, entre outros, de Marcelino Blanco de la Peña, Fernando Alsina, o marqués de Figueroa e Felipe Cordero Carrete. O modelo de Bibliófilos Gallegos como sociedade de accionistas era similar ao que adoptaría un ano máis tarde a Editorial Galaxia, polo que non semella desatinada a hipótese de que esta, desde o punto de vista administrativo, se inspirase naquela. Agora ben, resultaría moi diferente a dimensión ideolóxica de ambas as dúas iniciativas, e nese sentido hai que lembrar de que xeito Fernández del Riego —socio fundador, á vez, de Bibliófilos Gallegos— salientou nas súas memorias *O río do tempo* como Galaxia non se creara unicamente para editar libros[4]. É ben ilustrativa unha carta de Cordero Carrete, xerente de Bibliófilos Gallegos, onde este lle daba a Fernández del Riego os parabéns, a mediados de 1951, pola fundación da Editorial Galaxia: "Que Galaxia y Bibliófilos tengan suerte y aciertos, que vivan muchos lus-

tros de labor continuada dentro de las normas que sus creadores concibieron"[5].

A piques de xurdir Bibliófilos Gallegos, Fernández del Riego xa se ocupara, a pesar da súa condición de futuro accionista, de fixar en varios artigos en *La Noche* os lindeiros entre este proxecto e as arelas que darían lugar á creación da Editorial Galaxia. Podemos mencionar o artigo "Hacia la difusión de nuestros libros", do 30 de xaneiro de 1948, onde propugnaba que a nova Editorial de los Bibliófilos Gallegos non debía limitarse a seguir "estériles caminos de arqueología literaria", senón que máis ben tería que concentrarse nos autores actuais[6]. No mesmo artigo, Fernández del Riego reivindicaba unha revista consagrada "a nuestros valores intelectuales", herdeira da revista *Nós* aínda que presidida por un criterio "más amplio, más moderno", con certeza un anuncio dos posteriores cadernos da Colección "Grial". Noutro destemido artigo, publicado a finais de 1949 en *La Noche* co título "La cuestión editorial en Galicia", Fernández del Riego sostiña que Galicia, desde a desaparición da Editorial Nós co estoupido da Guerra Civil, carecía de medios idóneos para estimular a súa cultura[7]. Por iso era indispensable encher con urxencia ese oco, xa que, como aseguraba, "podemos hablar en nuestro idioma, con la voz de nuestro espíritu, para el mundo". Máis aínda, noutra colaboración titulada "La cuestión editorial y el cultivo del idioma", do 30 de abril de 1947, Fernández del Riego reclamara xa a creación dunha editorial realmente galega, precisamente porque "el drama de este país, en todos los aspectos, es la falta de continuación"[8]. E finalizaba o intelectual de Lourenzá con este designio no que latexaba a cerna do agromar de Galaxia: "Entendemos, así, que la realidad de una editorial gallega representaría un gran paso en el camino restaurador de nuestra cultura".

Entre os obxectivos de Bibliófilos Gallegos, nos seus estatutos figuraba a convocatoria de varios premios literarios. Así, o primeiro foi un concurso de novela, e o segundo o certame de tradución que acabarían conquistando Piñeiro e Fernández de la Vega co *Cancioeiro* de Pokorny. O tema deste segundo premio decidíase nunha reunión do Consello de Administración de Bibliófilos Gallegos celebrada o 4 de xaneiro de 1950. Conforme consta na acta, os presentes acordaron que no concurso se galardoase "la traducción completa de una obra maestra de la literatura universal, excluyendo las literaturas peninsulares". A recompensa serían cinco mil pesetas, encargándose a redacción das bases a Cordero Carrete e a Filgueira Valverde, en calidade o primeiro de xerente e o segundo de secretario.

Tales bases, coa sinatura de Filgueira Valverde ao pé e o visto e prace de Sánchez Cantón como presidente, foron postas en circulación a finais dese mesmo mes de xaneiro de 1950. O primeiro requisito establecido na convocatoria era o que se acordara na xuntanza do Consello de Administración, co engadido de que quedarían eliminadas as versións das que "pueda preverse que sean rechazadas por las autoridades que han de autorizar la impresión", inequívoca alusión ao control da censura franquista. Tras fixarse como prazo de entrega o 31 de decembro de 1950, outra cláusula era que o premio outorgado non se podía fragmentar.

Antes de que fose convocado, a principios de 1950, o certame, Fernández de la Vega comezara xa a traballar na versión de Pokorny a partir dun exemplar mercado por Piñeiro, tras saír da cadea, en Madrid. Por conseguinte, podemos afirmar que, polo menos en setembro de 1949, Fernández de la Vega estaba dedicado a este quefacer, segundo Piñeiro lle refería a Fernández del Riego nunha carta desa data. De feito, só dous meses máis tarde aparecería no suplemento de *La Noche* un avance da versión do *Cancioeiro*, baixo o título "Julius Pokorny, filólogo suizo, estudia a los poetas celtas", coa única sinatura de Fernández de la Vega[9]. Era a tradución galega do poema "A cabeleira da amada" e o texto en castelán dunha parte da introdución ao volume escrita polo propio Pokorny. A este respecto, Piñeiro escribíalle a Fernández del Riego o 21 de novembro de 1949: "Xa vin que comezaron a publicar o traballo de Celestino, que segue traballando na tradución do libro"[10]. En sucesivos números do suplemento de *La Noche* habería novas entregas da devandita introdución, ata que de súpeto se interrompeu antes de chegar ao final.

O propio Piñeiro pedíralle encarecidamente a Fernández del Riego, responsable do suplemento de *La Noche*, que dese a coñecer o traballo de Fernández de la Vega. Nunha carta do 9 de novembro de 1949, Piñeiro sinalaba que lle solicitaba este favor por dous motivos: primeiro, porque a versión era interesante de seu; segundo, porque estaba convencido de que Fernández de la Vega se animaría así a traducir a totalidade da antoloxía[11]. Na mesma carta, Piñeiro indicaba que sería proveitoso que a versión no seu momento a publicase a Editorial Galaxia, pois coidaba que con ela se lle prestaría "un bo servizo á cultura galega".

A finais de 1949, Fernández de la Vega non tiña aínda como lingua de uso escrito o galego. Nunha carta do 1 de marzo de 1955, dicíalle a Piñeiro, logo de lle agradecer o seu estímulo para que se galeguizase, que poderían contar desde Galaxia coa súa cooperación de dous xeitos: por

unha banda, con textos creados directamente en castelán; por outra, con escritos redactados en galego que logo deberían ser corrixidos[12]. Nunha nova carta do 24 de outubro de 1956, Fernández de la Vega participáballe a Piñeiro: "Para irme axeitando ao uso do galego con miras ao futuro ensaio sobre o humorismo, coido que será unha boa medida romper a escribir nas cartas"[13].

Tras aquel avance do *Cancioeiro* no suplemento de *La Noche*, Fernández de la Vega continuou a verter o orixinal alemán durante os primeiros meses de 1950, convocado xa o concurso de Bibliófilos Gallegos. Foi a mediados dese ano cando Piñeiro se debeu incorporar ao proxecto de traducir a escolma de Pokorny, achegando a súa competencia no dominio do galego. Nunha carta do 26 de abril de 1950, Piñeiro comunicáballe a Fernández del Riego que a versión estaba rematada, restando apenas a fase de revisión[14]. Tras someterse en Valdecilla a unha operación da vista no mes de xuño, Fernández de la Vega mandáballe a Piñeiro unha misiva que acababa precisamente con esta exclamación: "¡Ahora te va a salir una versión de las poesías verdaderamente *luminosa*!"[15]

Afortunadamente, a través da correspondencia asidua de Piñeiro con Fernández del Riego podemos reconstruír incluso máis en detalle o proceso de tradución do *Cancioeiro*. Nunha carta do 11 de setembro de 1950, Piñeiro dicía que estaba ocupado coa versión galega da obra, que cualificaba como "cousa moito máis *latosa* do que parece"[16]. Noutra carta do 22 de outubro, Piñeiro declaraba que se atopaba bastante atarefado coas poesías célticas, pois debía traducilas todas, ademais da introdución, da que lle faltaba a metade[17]. Nunha nova misiva de cinco días despois, Piñeiro expúñalle a Fernández del Riego a súa intensa trasfega: "Estou forzando todo o que podo as traducións do libro de Pokorny, que o Celestino vén traducindo desde hai un ano, pero que agora hai que poñelo en galego rapidamente e dá bastante traballo, non só pola dificultade natural do labor, senón porque comprobamos moi minuciosamente co orixinal alemán todas as dúbidas que xorden"[18]. A derradeira carta de Piñeiro a Fernández del Riego antes de finalizar o prazo do concurso de Bibliófilos Gallegos é do 8 de decembro de 1950. Nela vese con clareza o grande esforzo que lle esixiu a Piñeiro a transferencia das composicións ao galego: "Estou desexando rematar dunha vez co libro de Pokorny. Fáltanme unhas dez poesías, así que é cousa de pouco. Verdadeiramente é un traballo pesadísimo. Non sei se algunha vez fixeches a proba. A min parecíame mais doado antes de comezar"[19].

Por se coubese algunha dúbida, outra proba da absorbente dedicación que Piñeiro lle consagrou á versión en galego do *Cancioeiro* é o

Xosé Manuel Dasilva é docente da Universidade de Vigo e autor de numerosos estudos literarios e tradutolóxicos nos ámbitos galego e luso-brasileiro. Foi comisario da exposición *Editar en galego baixo a censura franquista*. Entre as súas últimas publicacións salientan *O alleo é noso (Contribucións para a historia da tradución en Galicia)* e *Ramón Piñeiro, tradutor*.

1. Dasilva, Xosé Manuel (2009). *Ramón Piñeiro, tradutor*. Noia: Editorial Toxosoutos.
2. Vigo, Juan de. "En las librerías de Galicia es casi imposible encontrar un libro escrito en gallego", *La Noche*, 15-V-1947.
3. Alvariño, Ramón. "Unas consideraciones acerca de los libros gallegos", *La Noche*, 26-V-1947.
4. Vid. Fernández del Riego, Francisco (1990). *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, p. 201.
5. Carta de Felipe Cordero Carrete a Francisco Fernández del Riego do 14-V-1951 depositada na Fundación Penzol.
6. Lorenzana, Salvador. "Hacia la difusión de nuestros libros", *La Noche*, 30-I-1948.
7. Lorenzana, Salvador. "La cuestión editorial en Galicia", *La Noche*, 4-XI-1949.
8. Lorenzana, Salvador. "La cuestión editorial y el cultivo del idioma", *La Noche*, 30-IV-1947.
9. Fernández de la Vega, Celestino. "Julius Pokorny, filólogo suízo, estudia a los poetas celtas", *La Noche*, 19-IX-1949.
10. Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego do 21-XI-1949 depositada na Fundación Penzol. 11. Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego do 9-XI-1949 depositada na Fundación Penzol. 12. Carta de Celestino Fernández de la Vega a Ramón Piñeiro do 1-III-1955 depositada na Fundación Penzol. 13. Carta de Celestino Fernández de la Vega a Ramón Piñeiro do 24-X-1956 depositada na Fundación Penzol. 14. Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego do 26-IV-1950 depositada na Fundación Penzol. 15. Carta de Celestino Fernández de la Vega a Ramón Piñeiro do 3-VI-1950 depositada na Fundación Penzol. 16. Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego do 11-IX-1950 depositada na Fundación Penzol. 17. Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego do 22-X-1950 depositada na Fundación Penzol. 18. Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego do 27-X-1950 depositada na Fundación Penzol. 19. Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego do 8-XII-1950 depositada na Fundación Penzol.

manuscrito que hoxe se conserva. Nese manuscrito aparece a práctica totalidade dos poemas que forman parte do volume, alén do prólogo "Aclaración dos tradutores" escrito exclusivamente por Piñeiro. Nótase que o de Láncara traballou cada versión galega de xeito demorado a partir dos textos traducidos ao castelán por Fernández de la Vega. Mesmamente resulta posible observar as emendas introducidas nas traducións definitivas, elaboradas con teimosa paciencia a partir de esbozos. No caso dalgunhas poesías, constátase incluso a existencia de varias versións ata conseguir a máis satisfactoria, o que demostra o firme empeño que Piñeiro puxo neste traballo.

O *Cancioeiro* de Pokorny e os prexuízos sobre o galego

Como é sabido, a recuperación cultural do idioma tivo que lidar, durante a crúa e asfixiante posguerra, con non poucas ideas preconcibidas que o deostaban. De novo as páxinas do xornal *La Noche* son unha valiosa fonte para nos achegarmos a tales prexuízos. Por exemplo, Julio Sierra, pseudónimo de Borobó, publicaba a finais de 1948 un aldraxante artigo, co título "Novelemos en neocastellano", onde entre outras lindezas pregoaba: "El gallego es el verbo lírico por excelencia, y se evitarían muchos atentados de lesa estética si la Academia, o los gobernadores de nuestras cuatro provincias, prohibiesen utilizarlo en forma distinta del verso"[20]. Julio Sierra consideraba que o galego, fóra do xénero poético, tiña só emprego "en las conversaciones saudosas de los emigrantes y en los coloquios dramáticos de los campesinos". A hostilidade deste artigo aínda acadaba o seu punto extremo coa afirmación desprezativa de que querer utilizar o galego "en la correspondencia, en los oficios burocráticos, en el periodismo, y aún en la novela post-freudiana, supone un inconcebible disparate, un verdadero sacrilegio verbal, algo muy cercano a la blasfemia".

Pouco despois, Dámaso Alonso emitía un xuízo tanto ou máis vexatorio no mesmo xornal *La Noche*. Nos últimos meses de 1949, este vespertino compostelán principiara a publicar unha serie de enquisas sobre a necesidade de editar un novo dicionario galego. Distintas voces ofreceron daquela o seu parecer, como Pedret Casado, Couceiro Freijomil, Iglesia Alvariño, Vicente García de Diego ou Cotarelo Valledor. O que respondía Dámaso Alonso a esta enquisa, en información publicada o 8 de decembro de 1949, era marcadamente magoante, porque alegaba que o noso idioma "es hoy una lengua por un lado rural y por otro poética, y nada más; que para escribir ciencia o filosofía los gallegos tendrán que escribir en castellano (que lo hacen estupendamente)"[21].

Desde logo, Piñeiro non deixaría de se amosar fondamente sensibilizado diante destes graves prexuízos deitados enriba do galego. Por exemplo, nunha carta ben afouta a Filgueira Valverde de comezos de 1951 manifestaba que o da lingua era o problema que máis lle preocupaba[22]. A seguir, Piñeiro explanaba a súa radical discrepancia coas teorías da "escola de filólogos casteláns", as cales, segundo denunciaba, "se aclimataron moi ben en terras pontevedresas, mesmo como se se tivese borrado o lúcido antecedente do Padre Sarmiento". Todo suxire que a protesta que Piñeiro redactou en 1954 para a VIII Asemblea Xeral da Unesco, en Montevideo, inspirada nunha denuncia do violonchelista Pau Casals e outros conterráneos contra a persecución da lingua catalá, non foi produto de ningunha arroutada, senón que se viña incubando desde tempo atrás.

Logo da convocatoria do concurso de Bibliófilos Gallegos, Piñeiro enviáballe unha carta a Fernández del Riego, o 15 de febreiro de 1950, onde afirmaba que a versión do *Cancioeiro* estaba avanzada[23]. Na mesma misiva dicía que el e mais Fernández de la Vega tiñan ademais o proxecto de traduciren ao galego un texto filosófico de Heidegger, "para aniquilar dunha vez a tese insidiosa de Dámaso e outros". Ambas as traducións, conforme Piñeiro remarcaba, encadrábanse nun plano que respondía a unha "imprescindible e inaprazable *política da lingua*". Un ano despois, xa no prelo a antoloxía de Pokorny e coa versión de Heidegger en marcha, Piñeiro opinaba noutra carta do 16 de maio de 1951: "Coido que, despois do de Pokorny, esta será unha nova e importante batalla que ganaremos a favor do prestixio cultural do idioma"[24]. Por máis testemuños epistolares, sabemos que Piñeiro mesmo barallaba a posibilidade de traducir, con igual propósito, un ensaio do historiador da arte austríaco Hans Sedlmayr.

Polo tanto, non parece descamiñado pensar que Piñeiro viu no certame de tradución de Bibliófilos Gallegos unha ocasión adecuada para contribuír de xeito decidido á dignificación do idioma. Ao fin e a cabo, cando tivera lugar o primeiro concurso desta editorial, destinado a premiar a mellor novela, Piñeiro xa loitara para que o premio recaese na única obra, de todas as presentadas, que estaba escrita en galego: *A xente da Barreira*, de Carballo Calero. Convén que nos deteñamos uns intres a analizar algúns pormenores deste certame, polo crecente interese que encerra.

O primeiro certame de Bibliófilos Gallegos fora promovido a comezos de 1949, e a súa finalidade consistía en distinguir, conforme se reco-

llía nas bases, a mellor "novela gallega", englobando nese cualificativo non exclusivamente a lingua empregada, senón tamén, de modo ben laxo, o carácter do asunto ou a orixe xeográfica do autor. O xurado que valorou os orixinais nos primeiros meses de 1950 estivo composto por Ramón Cabanillas como presidente, Otero Pedrayo, Fernández del Riego, Serrano Castilla —delegado na provincia da Coruña da Subsecretaría de Educación Popular, órgano encargado da censura— e Guerra Campos —sacerdote de idade nova e doutor en Teoloxía— como vogais, e Borobó como secretario. As obras presentadas totalizaron o número de vinte, e delas, como xa adiantamos, a única na nosa lingua era a de Carballo Calero, alzándose co primeiro premio por catro votos a favor, un voto en contra —Guerra Campos, o máis seguro— e unha abstención —plausiblemente Serrano Castilla.

É difícil determinar se a novela de Carballo Calero era a mellor de todas, mais do que si non cabe ningunha dúbida é de que desde os círculos galeguistas se fixeron movementos para que resultase premiada, desempeñando Piñeiro nesa tarefa un papel dilixente. Tratábase, sobre todo, de cumprir a misión de galardoar a única obra en galego, malia que a novela de Carballo Calero non fose de excepcional categoría. Velaquí o que Cordero Carrete lle comentaba a Filgueira Valverde cando a obra se estaba a imprimir, en outubro de 1950: "Está en la imprenta la novela de Carballo Calero, que a casi nadie gusta gran cosa, entre otros a Varela Jácome, Avelino el gerente de la imprenta (a cuyo juicio no dejo de darle cierto valor), Iglesia Alvariño y el propio ilustrador"[25].

Nunha carta do 27 de decembro de 1949, Piñeiro transmitíalle a Fernández del Riego —membro, como xa indicamos, do xurado— esta opinión: "A única obra que está en galego coido que é a de Ricardo, que é galega pola lingua, polo tema e polo autor. Se o concurso foi creado para estimular a creación de novelas galegas, que é a única xustificación que ten, supoño que o feito de estar escrita en galego será un tanto a favor con relación ás demais"[26]. Unha vez feito público o fallo do xurado, Piñeiro sentenciaba noutra carta do 15 de abril de 1950 sobre as discutibles virtudes de Carballo Calero como narrador: "Nunca me pareceu que tivese madeira de novelista, porque lle estorba o rigoroso formalismo lóxico da súa mente"[27]. E deseguido agregaba sobre o concurso de Bibliófilos Gallegos e o obxectivo de honrar o idioma: "Mellor sería que esta oportunidade nos servise para dar un paso importante na política de prestixiamento literario da nosa lingua, mais nin é culpa túa nin dos demais xurados que non se presentase unha obra merecente de lle prestar ese alto servizo á nosa cultura".

Ramón Piñeiro con Celestino Fernández de la Vega en Compostela, 1956

20. Sierra, Julio. "Novelemos en neocastellano", *La Noche*, 22-IX-1948.

21. Sen sinatura. "Ramón Cabanillas y Dámaso Alonso, académicos de la Española, responden a nuestra encuestra sobre el Diccionario Gallego", *La Noche*, 8-XII-1949.

22. Carta de Ramón Piñeiro a Xosé Filgueira Valverde do 6-III-1951 depositada no Museo de Pontevedra. 23. Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego do 15-II-1950 depositada na Fundación Penzol. 24. Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego do 16-V-1951 depositada na Fundación Penzol. 25. Carta de Felipe Cordero Carrete a Xosé Filgueira Valverde do 11-X-1950 depositada no Museo de Pontevedra. 26. Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego do 27-XII-1949 depositada na Fundación Penzol. 27. Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego do 15-IV-1950 depositada na Fundación Penzol.

Un episodio curioso que alicerza o que estamos a expor é o que ocorreu con outra das novelas enviadas ao concurso de Bibliófilos Gallegos, a titulada *Tumba Loureiro*, de Elena Quiroga, que acabaría ganando ese mesmo ano, co título *Viento del norte*, o premio Nadal. Daquela explotou unha pequena polémica por mor deste acontecemento, xa que unha obra desestimada polo xurado obtiña, ao pouco tempo, unha distinción de renome. Por aqueles días, Otero Pedrayo, interpelado nunha entrevista en *El Correo Gallego*, respondía: "Fue *A xente da Barreira* la que ganó el premio del concurso de novela gallega. Y el hecho de estar escrita en gallego —en mi opinión personal— era evidentemente un mérito"[28]. Logo da noticia de que a novela de Elena Quiroga conseguira o premio Nadal, Cordero Carrete murmuráballe a Filgueira Valverde: "¿Conveniente este jaleo? Yo creo que sí. Le da publicidad a la novela de Carballo Calero. ¿En qué lugar deja al jurado? Entre nosotros, creo que no muy bien, a menos que se opine había de premiarse a una novela en gallego fuese como fuese"[29].

En consecuencia, é evidente que detrás da idea de presentar o *Cancioeiro* de Pokorny ao concurso de tradución de Bibliófilos Gallegos existía, por parte de Piñeiro, unha intencionalidade parella, relacionada co desexo de enaltecer a lingua. Soamente hai que reparar no que se consignaba no limiar da versión, "Aclaración dos tradutores", asinado por Piñeiro en Lugo no mes de decembro de 1950. Na súa opinión, a convocatoria do certame de Bibliófilos Gallegos respondía a un dobre móbil: por unha banda, enriquecer o cultivo literario do galego utilizándoo como canle para creacións universais; por outra, ampliar o noso acervo con achegas doutras culturas. Se prestamos atención ao que se elucidaba no primeiro epígrafe deste limiar, titulado "A escolla da obra", advírtese un abano de cinco razóns que conduciron á elección da escolma de Pokorny co obxecto de responder ás expectativas do concurso. Estas eran as razóns, expostas moi resumidamente: 1º) o poético era o xénero literario galego máis desenvolvido; 2º) o *Cancioeiro* contiña un prólogo moi instrutivo verbo da cultura celta; 3º) a tradición literaria céltica non era suficientemente coñecida; 4º) a escolma podía xerar aproximacións comparativas desde a literatura galega; e 5º) as poesías do libro eran acaídas para propiciar un cambio de rumbo na lírica galega.

Cando veu a lume, a versión de Pokorny tivo unha acollida excelente, de maneira especial polos seus méritos lingüísticos. Cabanillas, nunha carta dirixida a Fernández del Riego o 10 de maio de 1952, enxalzaba nestes termos a tradución: "Acabo de ler o libro de Piñeiro e Fernández de la Vega: é unha xoia. Cada día creo máis na riqueza e na beleza do noso idioma"[30]. Uns poucos anos máis tarde, Landeira Yrago destacaba nun artigo na revista *Ínsula* como os tradutores transvasaran a "pura semántica" do orixinal, sen por iso verse impelidos a "romper la democrática rutina del idioma gallego, siempre más cerca de la psicología que de la filología"[31]. O propio Piñeiro reveláballe a Fernández del Riego nunha carta do 26 de xuño de 1952: "Por certo que a casa Janés acaba de editar un tomo de *Poesía irlandesa*. Veñen moitos dos poemas do *Cancioeiro*. Resulta moi curioso cotexar as traducións galega e castelá"[32].

Mais a inestimable contribución que significaba a versión do *Cancioeiro* non era só de índole idiomática. Tal como Piñeiro explicaba no epígrafe "A escolla da obra", antes comentado, a finalidade que se perseguía tamén pasaba por influír no curso da nosa poesía. Canto a isto, resulta moi clarificador o que observaba Fernández de la Vega nunha carta a Piñeiro de mediados de 1953, onde insistía nalgúns elos entre os poemas do *Cancioeiro* e o libro *Os eidos*, de Novoneyra, titulado daquela provisoriamente *Terras altas*. Repárese no que matizaba o autor de *O segredo do humor* a propósito desa relación, no ronsel dunha impresión en sentido análogo de Piñeiro: "Me parece completamente exacta tu observación sobre el parecido de muchos poemas de *Terras altas* con algunos poemas del Pokorny"[33]. E concluía Fernández de la Vega: "De conocer Novoneyra el *Cancioeiro* —cosa que sospecho a pesar de su negativa—, sería *Terras altas* un rápido y magnífico ejemplo de la fecundidad para nuestra poesía actual de la poesía celta de la que hablabas tú en el prólogo del Pokorny".

O veredicto do xurado de Bibliófilos Gallegos

Tras terminar o 31 de decembro de 1950 o prazo para o concurso, o Consello de Administración de Bibliófilos Gallegos procedeu a nomear os compoñentes do xurado nunha reunión que tivo lugar o 19 de xaneiro de 1951. Presentáranse ao certame, segundo se informa na acta, tres obras: unha tradución do *Cantar dos cantares*, de Antonio Lorenzo Sánchez; os *Carmina* de Horacio, por Aquilino Iglesia Alvariño; e o *Cancioeiro da poesía céltiga*, de Piñeiro e Fernández de la Vega. De tal maneira, en función dos idiomas implicados —linguas bíblicas, latín e alemán— foron elixidas as seguintes persoas para aquilatar as versións: Abelardo Moralejo Laso, catedrático de Latín e decano da Facultade de Filosofía e Letras, como presidente; como vogais, José Rey Martínez, catedrático do Seminario Conciliar, Manuel

Rabanal Álvarez, catedrático de Grego de instituto, e Juan Gil Armada, marqués de Figueroa, este como representante do Consello de Administración de Bibliófilos Gallegos; por último, como secretario, Xosé María Álvarez Blázquez. En calidade de suplentes designouse a Álvaro D'Ors, Pedro Pena e Julio Feo. Conforme se recolle na acta da reunión do Consello de Administración, tal xurado habería permanecer en segredo ata que o fallo se fixese público.

Cómpre pararse a esculcar a personalidade dos distintos membros que compuñan este xurado, porque iso en boa medida explicará o seu veredicto. Así, en primeiro termo, hai que indicar que Moralejo Laso, alén de catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, era vicedirector do Instituto Padre Sarmiento e responsable da súa sección de Filoloxía. Xa daquela, publicara diversos traballos ligados coa lingua galega, sobre todo no campo da toponimia, moitos deles na revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tamén era autor do apéndice que aparece no opúsculo *Ortografía gallega: bases para su unificación* (1929), de Couceiro Freijomil, e antes da Guerra Civil estivera vinculado ao Seminario de Estudos Galegos.

Moralejo Laso, alén de atesourar unha cultura idiomática vasta, podía exhibir unha experiencia non cativa no eido da tradución. Vertera do alemán algúns poemas de Rilke na revista *Gelmírez*, do ruso algúns contos de Gorki e mesmo do sánscrito, lituano e croata varias poesías. Rabanal, outro integrante do xurado, tivera oportunidade de eloxiar en diferentes colaboracións en *La Noche* as aptitudes de Moralejo Laso como tradutor. No artigo "Traductor de dainas", por exemplo, de finais de 1948, Rabanal puntualizaba que non había en España moitas persoas capaces de ler en lingua orixinal todas as literaturas indoeuropeas antigas e modernas, e que unha delas era Moralejo Laso[34]. Á parte, nos anos 40, o catedrático compostelán estivera a traducir unha saga directamente do orixinal en irlandés antigo, varias décadas despois inserida nun volume de homenaxe a Cunqueiro. Por todo isto, Moralejo Laso posuía uns coñecementos máis que sobresalientes para xulgar tanto os *Carmina* horacianos como a tradución do *Cancioeiro* de Pokorny.

No que respecta a Rabanal, docente no tempo do certame no Instituto Xelmírez e na Facultade de Filosofía e Letras, acababa de publicar entón, na revista *Emérita*, un estudo académico sobre a proxección española da poesía de Horacio. Era autor, igualmente, de numerosos traballos filolóxicos acerca da nosa lingua, como o artigo "49 años de filología gallega", no suplemento de *La Noche*. Con referencia a Xosé María Álvarez Blázquez, por outra parte, cabe apuntar que, ademais de poeta, narrador e responsable de Edicións Monterrey, participara como concursante no primeiro certame de Bibliófilos Gallegos coa novela *Una cabaña en el cielo*, e que exercía labores de distribuidor da editorial compostelá na bisbarra de Vigo. Por último, canto a Manuel Rey Martínez e Juan Gil Armada, pouco se pode destacar. O primeiro debeu ser nomeado membro de xurado polos seus coñecementos bíblicos para valorar a versión do *Cantar dos cantares*, e no que atinxe ao marqués de Figueroa hai que sinalar que seguramente participou nas deliberacións, en calidade de representante de Bibliófilos Gallegos, non máis que como convidado de pedra.

Como xa dixemos, ao concurso presentáranse tres obras, mais na ponderación do xurado deberon pesar fundamentalmente dúas: os *Carmina* de Iglesia Alvariño, por un lado, e o *Cancioeiro* de Piñeiro e Fernández de la Vega, por outro. Quizais non contou moito a versión do *Cantar dos cantares*, realizada por Antonio Lorenzo Sánchez, nado en Ribeira en 1920 e persoa moi conectada co Centro Galego de Barcelona, onde dirixiu a revista *Alborada* nos anos 50, publicación na que daría a coñecer unha parte da versión presentada ao certame de Bibliófilos Gallegos. Colaborador de Ramón Cabanillas na obra *Macías o namorado* (Galaxia, 1956), Lorenzo Sánchez ganou en 1951 un concurso do Centro Galego de Madrid co ensaio *La lengua gallega de Curros*. Ideoloxicamente moi conservador, xulgaba que a poesía costumista era o mellor da obra do poeta de Celanova, refugando totalmente os seus versos de inspiración máis cívica e anticlerical.

Cinguido, pois, o escrutinio do xurado a dúas obras, faise necesario pór de relevo que, de entrada, a disputa entre os *Carmina* e o *Cancioeiro* era claramente desigual, posto que Iglesia Alvariño

28. Sen sinatura. "Una opinión de peso sobre el tema literario de actualidad. La novela del Premio Nadal y la de Bibliófilos Gallegos", *El Correo Gallego*, 10-I-1951.

29. Carta de Felipe Cordero Carrete a Xosé Filgueira Valverde do 9-I-1951 depositada no Museo de Pontevedra. 30. Carta de Ramón Cabanillas a Francisco Fernández del Riego do 10-V-1952 depositada na Fundación Penzol.

31. Vid. Dasilva, Xosé Manuel. *Babel entre nós. Escolma de textos sobre a tradución en Galicia*. Vigo: Universidade de Vigo, 2003, pp. 175-179.

32. Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego do 26-VI-1952 depositada na Fundación Penzol. 33. Carta de Celestino Fernández de la Vega a Ramón Piñeiro do 11-V-1953 depositada na Fundación Penzol.

34. Rabanal, Manuel. "Traductor de Dainas", *La Noche*, 1-X-1948.

tiña máis reputación con diferenza que os seus opoñentes. En efecto, Fernández de la Vega non deixaba de ser naqueles días un descoñecido fóra da cidade de Lugo, mentres que Piñeiro publicara só algún artigo en *La Noche* e, ademais, estaba marcado como ex-preso político en liberdade condicionada. Pola contra, Iglesia Alvariño amosaba unha traxectoria contrastada, con varios libros editados tanto antes como despois da Guerra Civil, o último deles *Cómaros verdes*. Alén diso, Iglesia Alvariño era, segundo expresión de Borobó, "o señor das palabras", nomeadamente polo seu espléndido coñecemento do galego. Non por casualidade, Fernández del Riego escribía sobre a competencia lingüística de Iglesia Alvariño nun artigo publicado en *La Noche* a finais de 1947: "Además, el poeta tiene el genio de la lengua gallega, como escasísimas personas tienen en el presente momento. Esta alta cualidad la tiene, por otra parte, de una manera natural, espontánea"[35]. A Iglesia Alvariño encomendáraselle, por tal razón, o capítulo dedicado á lingua da *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo. Nunha carta do 17 de novembro de 1950, o poeta lugués alardeaba diante de Fernández del Riego da súa bagaxe filolóxica: "Eu teño metidos en dúas ou tres carpetas ata catro ou cinco traballos sobre a lingua e o estilo de Rosalía, Curros, Pondal e os poetas do norte de Lugo, Noriega Varela e Leiras Pulpeiro. Calquera delas pode ser transformada nun ensaio de cento cincuenta páxinas en oitavo, e non me levaría facelo máis aló de un mes"[36].

En definitiva, con pouco máis de corenta anos, Iglesia Alvariño podía presumir de ser naquel tempo un dos homes de letras máis senlleiros de Galicia. En 1949 ingresara na Real Academia Galega, e no mesmo ano 1950, data da convocatoria do certame de Bibliófilos Gallegos, recibía o premio xornalístico Pérez Lugín. A súa biografía, polo demais, permitíalle ostentar un certo orgullo de home feito a si mesmo. Logo de estudar en Mondoñedo no Real Seminario Conciliar ata 1931, ano en que abandonou a carreira eclesiástica, Iglesia Alvariño desenvolveu actividades docentes no Colexio León XIII, de Vilagarcía de Arousa, desde 1935 a 1949. Licenciouse en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela en 1944, e só cinco anos máis tarde ganou unha cátedra de Latín, posto que habería desempeñar en Lugo, Pontevedra e Santiago.

Para delinear un pouco máis o seu retrato, convén recordar como Iglesia Alvariño tiña unha relación máis que cordial con algúns dos dirixentes de Bibliófilos Gallegos. Por exemplo, no prólogo dos *Carmina* expresáballes o seu agradecemento a Sánchez Cantón e Filgueira Valverde, aos que presentaba como amigos, pola axuda que lle prestaran para verter as odas horacianas. Segundo varios testemuños acreditan, a relación era especialmente próxima no caso de Filgueira Valverde. Tanto é así que debeu de ser este o que lle suxeriu a Iglesia Alvariño, cando estivo a piques de ser sancionado por editar *Cómaros verdes* sen permiso da censura, que lle pedise recomendación a Juan Aparicio. Documéntase unha fluída correspondencia, a principios dos anos 40, entre Filgueira Valverde e Juan Aparicio, quen pasara un verán en Pontevedra. Como gratitude, desde o seu cargo de Delegado Nacional de Prensa, o feroz xornalista daríalle a Filgueira Valverde toda clase de facilidades para colaborar na prensa do Movimiento e, como correspondente en Pontevedra, en *La Estafeta Literaria*. No tempo en que se celebrou o certame de Bibliófilos Gallegos, Iglesia Alvariño residía en Pontevedra, xa que logo á beira de Filgueira Valverde. Por outro lado, é preciso engadir que Iglesia Alvariño tiña a promesa por parte de Bibliófilos Gallegos de editar o dicionario da lingua galega no que estaba a traballar desde había anos.

A maiores dos merecementos de Iglesia Alvariño como poeta e filólogo e da súa amizade con algúns dos responsables de Bibliófilos Gallegos, a competición entre os *Carmina* e o *Cancioeiro* era tamén desigual polas dimensións físicas tan diferentes das versións. A escolma de Pokorny estaba composta, alén da introdución do filólogo checo, por cincuenta e tres pezas antigas e seis poemas modernos, é dicir, un limitado conxunto en comparación cos catro libros das odas horacianas. Por outra banda, o tempo investido nas versións polos tradutores, moi distinto en cada caso, igualmente podía provocar que o parecer do xurado se inclinase decontado polo traballo de Iglesia Alvariño.

É preciso que dediquemos algunha atención a este aspecto, porque a comparación entre as dúas traducións desde esta perspectiva arroxa resultados esclarecedores. Xa vimos que Piñeiro e Fernández de la Vega, por separado ou xuntos, gastaron na tradución do *Cancioeiro* non máis de quince meses, desde setembro de 1949 ata decembro de 1950. En troques, Iglesia Alvariño levaba a traballar con perseveranza nas versións horacianas cando menos quince anos. Xa en 1936 dera á luz o *Carmen saeculare*, baixo o título *La canción del siglo*, mentres traballaba en Vilagarcía de Arousa, co gallo do bimilenario do nacemento de Augusto, e continuaría logo esta xeira ata completar a totalidade das odas.

A mediados de 1944, aparecía na revista *La Estafeta Literaria* unha nota anónima, probablemente de Filgueira Valverde, onde se caracterizaba

a Iglesia Alvariño como "traductor de Horacio"[37]. En novembro dese mesmo ano, o autor lugués anunciáballe a Fernández del Riego: "Si es posible que nos veamos el día 8, llevaré un libro que estoy ultimando con treinta traducciones de Horacio debidamente anotadas"[38]. Dous meses antes, Filgueira Valverde comentáralle a Iglesia Alvariño noutra misiva: "Hay que pensar en esa edición de versiones clásicas"[39]. Pouco tempo máis tarde, o mesmo tradutor viría pedirlle ao polígrafo pontevedrés que supervisase as súas versións do poeta latino: "Sería conveniente que señalases de alguna manera los lugares que crees que deben ser corregidos en mis traducciones"[40].

Á vista doutras probas máis, é posible ata falar de que existía un compromiso por parte de Filgueira Valverde, antes do certame de Bibliófilos Gallegos, para editar as odas horacianas de Iglesia Alvariño. Nunha carta sen data, aínda que máis ou menos de 1949, este escribíalle a Fernández del Riego: "Depende de Filgueira la salida de las traducciones de Horacio"[41]. Cordero Carrete, á súa vez, preguntáballe a Filgueira Valverde noutra carta do 22 de novembro de 1950, pouco máis dun mes antes de que se pechase o prazo do concurso: "¿Qué ha sido de la obra de Iglesia Alvariño que iba a publicar el Instituto Sarmiento en Pontevedra aprovechando un papel sobrante?"[42]

Grazas á correspondencia de Cordero Carrete, xerente de Bibliófilos Gallegos, con Filgueira Valverde, é factible aproximarnos a substanciosos detalles do desenvolvemento do certame. Nunha carta do 2 de xaneiro de 1951, aquel facíalle saber que acababa de chegar a tradución de Iglesia Alvariño, que se sumaba así ao *Cancioeiro* de Piñeiro e Fernández de la Vega, mentres que a versión do *Cantar dos Cantares* aínda non se recibira[43]. Tendo en conta o mencionado compromiso con Iglesia Alvariño, por un lado, e o indubidable valor da escolma de Pokorny, por outro, Cordero Carrete avanzaba nesa mesma carta unha posible solución salomónica: "No he abierto el paquete de las traducciones de Horacio enviado por Aquilino. Si es merecedor del premio, me temo, por lo que he visto del otro trabajo, que a pesar de ser solo dos los presentados sea aconsejable crear dos premios, previa consulta del Jurado al Consejo de Administración antes de emitir el fallo definitivo".

O veredicto do xurado produciuse o 14 de marzo de 1951, segundo se reflicte na acta transcrita na propia edición do *Cancioeiro* de Pokorny, versión que se fixo finalmente co premio. Do correspondente ditame salientaremos agora soamente dúas particularidades: a primeira é que se comprobou que todos os orixinais cumprían as bases do concurso, e a segunda é que se acordou recomendar a publicación dos *Carmina* de Iglesia Alvariño. O xornal *La Noche*, en primeira páxina, facíase eco ao día seguinte da resolución do xurado, reunido no Decanato da Facultade de Filosofía e Letras —isto é, no despacho de Moralejo Laso, quen exercía tal posto— nunha longa sesión que se prolongou desde as catro da tarde ata as once da noite, o que quere dicir que as deliberacións foron bastante extensas. Segundo informaba o cronista de *La Noche*, o fallo de "tan competente como severo cónclave de profesores y poetas" resolveu premiar o *Cancioeiro* pola súa extraordinaria calidade e, ademais, por non estar aínda traducida a ningunha lingua románica[44].

Máis iluminadores, non obstante, que a parte dispositiva da acta son outros documentos na actualidade á nosa disposición. Por exemplo, unha carta daquelas datas onde Piñeiro lle detallaba a Fermín Penzol algunhas incidencias do certame[45]. Podemos saber, así, que a intención de Filgueira Valverde, seguindo se cadra aquela suxestión de Cordero Carrete, era que non se deixase de premiar baixo ningún concepto a tradución de Iglesia Alvariño, para o cal propuña, conforme Piñeiro conta, dúas solucións. Unha era que o Consello de Administración de Bibliófilos Gallegos acordase a concesión doutro premio, algo que foi rexeitado sen paliativos. A outra solución consistía en que o único premio se atribuíse *ex aequo* ao *Cancioeiro* e os *Carmina*, opción que tamén se desbotou porque contraviña as bases, que fixaban que o galardón

35. Lorenzana, Salvador. "La poética de Iglesia Alvariño. En su libro *Cómaros verdes* consigue el punto exacto de equlibrio", *La Noche*, 28-X-1947.

36. Carta de Aquilino Iglesia Alvariño a Francisco Fernández del Riego do 17-XI-1950 depositada na Fundación Penzol.

37. *Vid*. Sen sinatura. "La prosa para la poesía. ¿Qué leen nuestros poetas?", *La Estafeta Literaria* 4, 30-IV-1944, p. 9.

38. Carta de Aquilino Iglesia Alvariño a Francisco Fernández del Riego do 29-XI-1944 depositada na Fundación Penzol. 39. Carta de Xosé Filgueira Valverde a Aquilino Iglesia Alvariño do 22-IX-1944 depositada no Museo de Pontevedra. 40. Carta de Aquilino Iglesia Alvariño a Xosé Filgueira Valverde do 17-IV-1945 depositada no Museo de Pontevedra. 41. Carta de Aquilino Iglesia Alvariño a Francisco Fernández del Riego [1949?] depositada na Fundación Penzol. 42. Carta de Felipe Cordero Carrete a Xosé Filgueira Valverde do 22-XI-1950 depositada no Museo de Pontevedra. 43. Carta de Felipe Cordero Carrete a Xosé Filgueira Valverde do 2-I-1951 depositada no Museo de Pontevedra.

44. Sen sinatura. "*Cancioneiro da poesía céltiga*. Este es el título de la versión premiada por los Bibliófilos Gallegos. Sus autores: Celestino Fernández de la Vega y Ramón Piñeiro", *La Noche*, 15-III-1951.

45. Carta de Ramón Piñeiro a Fermín Penzol do 16-III-1951. Agradecémoslle unha copia a Henrique Monteagudo.

era único e indivisible. Diante destas encubertas manobras, Piñeiro desveláballe a Fermín Penzol o seu abraio por lograr a prezada distinción: "O xurado, por unanimidade, acordou premiar a obra de Pokorny. Eu fun o máis sorprendido de todos, porque daba por descontado o resultado *previsto*". Fernández de la Vega, pola súa parte, puña en coñecemento de Fernández del Riego noutra carta os avatares que o *Cancioeiro* tivera que pasar: "Estoy muy contento porque el jurado ha sabido apreciar plenamente la importancia de la obra presentada por nosotros. El triunfo ha sido absoluto y en las más desfavorables circunstancias"[46].

Máis testemuños permiten coñecer, felizmente, outras circunstancias do certame de Bibliófilos Gallegos. A partir dunha misiva de Cordero Carrete a Filgueira Valverde, é posible corroborar que o presidente do xurado se converteu en auténtico protagonista nas deliberacións, asumindo todo o liderado: "Moralejo fue el héroe de la jornada sorprendiendo al jurado durante la reunión por el detenido estudio hecho de los trabajos y sus conocimientos lingüísticos"[47]. Uns días máis tarde, o mesmo Moralejo Laso concedía unha entrevista en *El Correo Gallego* onde non agochaba o seu punto de vista acerca do concurso. Realizada por Concha Castroviejo, baixo o pseudónimo Asela, nesta entrevista sinalábase precisamente o alto interese que gardaban as opinións do catedrático de Latín, "tanto en su calidad de presidente como por su reconocida autoridad en materias filológicas y literarias"[48]. Do que dicía Moralejo Laso importa resaltar que o xurado actuara, conforme as súas palabras, "en perfecta armonía", e que o fallo non supuña ningún "desdén" das versións que non obtiveran unha votación unánime, senón tan só "unha preferencia". No que concirne aos *Carmina*, o catedrático de Latín expresaba esta diplomática valoración: "Particularmente y por compañerismo, tal vez me hubiese agradado que el premio recayera en un profesor de Lenguas Clásicas, tratándose, además, de una traducción de Horacio, pero debo reconocer el mérito de la obra premiada".

Se o premio contra todo prognóstico representou unha fenomenal noticia para Piñeiro e Fernández de la Vega, contrariamente a Iglesia Alvariño, que desde o primeiro momento se vía ganador, causoulle unha profunda ferida, a cal lle deixou unha cicatriz indeleble. Dous meses despois da resolución do xurado, Ben-Cho-Shey trasladáballe a Fernández del Riego esta apreciación nunha carta: "Lin en *La Noche* un comentario de Iglesia Alvariño a un libro de non sei quen no que dicía, ¡tamén el!, que o galego soamente serve para a poesía lírica. Parece mentira que un home como Aquilino caia nesas cousas por moi magoado que estea polo resultado do ditoso concurso"[49]. Aínda oito anos máis tarde, Cunqueiro escribíalle a Fernández del Riego sobre o poeta lugués: "Leo en *La Noche* as cousas de Aquilino. ¿Que lle pasa, que lle doe, por que non pode escribir sen ferir, sen manchar, sen roer?"[50]

Como existía aquel compromiso entre Filgueira Valverde e Iglesia Alvariño para editar as odas horacianas, moi pouco despois da decisión do xurado ambos comezaron a preparar a saída á rúa do volume, baixo os auspicios do Instituto Padre Sarmiento. Cordero Carrete, como secretario desta institución, exteriorizaba algún malestar por ter que facer a edición dos *Carmina* con tanta precipitación. Nunha carta do 13 de xuño de 1951 referíalle a Filgueira Valverde: "El libro de Aquilino encuentran caro su costo (dada la clase del papel y el tamaño) los impresores de aquí. Es una vergüenza la abundantísima fe de erratas, estando el autor al pie de la imprenta"[51]. E remataba Cordero Carrete insistindo no forzado que resultaba que o Instituto Padre Sarmiento tirase do prelo o libro: "Da la sensación a todos los que lo han visto de que el tomo de Aquilino pertenece a otra serie". Outro temor de Cordero Carrete era que, na polémica que viña de suscitar Juan Aparicio co seu virulento artigo no xornal *Pueblo* contra Piñeiro a propósito do ensaio "Significado metafísico da saudade", puidesen verse salpicados mesmo os *Carmina*: "Creo nada debe hacerse ni decirse a ver si el artículo de Aparicio pasa desapercibido. Me temo usen la publicación de Horacio como argumento de defensa y nos causen un disgusto. Que así no sea".

O volume de Iglesia Alvariño apareceu, cunha inusitada présa, o 7 de xuño de 1951 baixo o selo do Instituto Padre Sarmiento. A antoloxía de Pokorny saíu case un ano máis tarde, segundo o colofón o 1 de marzo de 1952, aínda que a distribución comezaría a facerse nos primeiros días de maio. Iglesia Alvariño desprezaba con este xesto, en sintonía con Filgueira Valverde, a decisión do xurado, quen recomendara que Bibliófilos Gallegos, alén do *Cancioeiro* de Pokorny, editase as odas horacianas. Daquela Iglesia Alvariño seguía convencido da idoneidade das súas versións, como se desprende do que lle indicaba ao propio Filgueira Valverde nunha carta do 12 de xullo de 1951: "Como supoño que a imprenta terá xa entregada a edición, penso que debería pórse á venda en Santiago polo patrón. Neste caso, debería dárselles un exemplar aos directores da prensa de Galicia"[52].

O fallo do concurso de Bibliófilos Gallegos e a evolución do galego literario

Na consideración do xurado estiveron en liza, realmente, dúas dimensións das obras con máis probabilidades de vencer, o *Cancioeiro* e os *Carmina*. En primeiro lugar, unha dimensión propiamente tradutolóxica, porque a fin de contas o que se dirimía era un certame de versións de obras foráneas. Canto a esta primeira dimensión, non consta que ninguén puxese en interdito a calidade das dúas principais traducións, quedando nun segundo plano a versión do *Cantar dos cantares*. Naquela entrevista de Concha Castroviejo en *El Correo Gallego*, Moralejo Laso avaliaba así os *Carmina*: "Hay que tener en cuenta que la traducción de Aquilino Iglesia Alvariño presenta también méritos excepcionales. En principio, su nombre y su reconocida ficha poética prometían una obra de altura en lo cual el jurado no se llamó a engaño"[53]. E continuaba Moralejo Laso sen deixar espazo para a dúbida: "La traducción de determinadas odas y poemas puede considerarse, sobre todo, como particularmente perfecta".

Mais para o xurado, por outra parte, estaba en xogo unha segunda dimensión de orde lingüística. Desde o primeiro momento, concibírase o concurso de Bibliófilos Gallegos como unha magnífica ocasión para impulsar o galego literario. Naquela época era este un tema candente, sobre todo o referido ao problema da fragmentación da lingua e tamén á súa imperiosa uniformización, como se pode verificar en diversos artigos novamente publicados en *La Noche*. Por ofrecer unha mostra, Fernández del Riego, nunha colaboración titulada "La cuestión editorial y el cultivo del idioma", de comezos de 1947, puña o dedo na chaga deste xeito: "Escribimos aún en gallego sin apenas guía, anárquicamente, corriendo el riesgo de destruirlo"[54]. E a seguir demandaba: "Tenemos que crear el gallego de nuestra época, íntegramente: en su léxico, en su gramática, en su pronunciación".

Unha cuestión relacionada coa necesidade de estandarizar as variedades do idioma era o establecemento dun rexistro literario que se distinguise dos usos máis coloquiais. Ben-Cho-Shey, nun artigo co título "O galego literario e o galego popular", do 15 de setembro de 1948, sustentaba que urxía diferenciar "o galego para falar coas musas e o galego para andar pola casa, que non fai falta ser un Séneca para se decatar de que non son a mesma cousa"[55]. E Ben-Cho-Shey apostilaba: "Non pretenderán facernos crer que o léxico de Homero é o mesmo que o que usaban os guerreiros de Troia, nin que os lexionarios romanos falaban na lingua de Horacio ou de Virxilio, nin que os españois do século XVII conversaban ao xeito dos personaxes das comedias de Lope".

Carballo Calero, baixo o pseudónimo Fernando Cadaval, tamén terzaba no debate sobre a obrigatoriedade de fomentar unha lingua estandarizada cun rexistro literario aceptable. No artigo "Lengua dialectal y lengua común", publicado a comezos de 1950, opinaba que había dúas clases de escritores galegos. Por unha banda, os que se nutrían da fala do seu lugar, e por outra os que saltaban por riba desa barreira á procura dun instrumento menos restrinxido. Carballo Calero colocáballe este ramo á súa reflexión: "El cantonalismo literario, con todo su atractivo familiar, está naturalmente encerrado en sus propios y estrechos límites. No puede sostenerse cuando se intenta una empresa de más altos vuelos"[56].

Cando as bases do concurso de Bibliófilos Gallegos foron divulgadas, Rabanal, posteriormente membro do xurado, xa se decatara do beneficioso efecto que esta convocatoria podía ter para a configuración do galego culto. En dous artigos en *La Noche*, publicados en febreiro de 1950, Rabanal acollía con satisfacción o certame xustamente polo que representaba para o florecemento do idioma, máis aló da mera práctica da tradución[57]. Lembraba, nese sentido, como se consolidara a lingua latina vertendo clásicos da literatura grega: "Sí, sí; traduciendo griego es como se amasó, y se irguió, y se consumó en perfección, el latín elegante, que mereció el dictado de *clásico*".

46. Carta de Celestino Fernández de la Vega a Francisco Fernández del Riego do 20-III-1951 depositada na Fundación Penzol. 47. Carta de Felipe Cordero Carrete a Xosé Filgueira Valverde do 15-III-1051 depositada no Museo de Pontevedra.

48. Asela. "La versión gallega de la obra de Pokorny, premiada por los Bibliófilos Gallegos, tiene una gran categoría poética. Entrevista con el doctor Moralejo", *El Correo Gallego*, 16-III-1951.

49. Carta de Ben-Cho-Shey a Francisco Fernández del Riego do 17-V-1951 depositada na Fundación Penzol.

50. Cunqueiro, Álvaro. *Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Editorial Galaxia, 2003, p. 168.

51. Carta de Felipe Cordero Carrete a Xosé Filgueira Valverde do 13-VI-1951 depositada no Museo de Pontevedra. 52. Carta de Aquilino Iglesia Alvariño a Xosé Filgueira Valverde do 12-VII-1951 depositada no Museo de Pontevedra.

53. Asela, "La versión gallega de la obra de Pokorny...", *op. cit.*

54. Lorenzana, "La cuestión editorial y el cultivo...", *op. cit.*

55. Fernández Oxea, Xosé Ramón. "O galego literario e o galego coloquial", *La Noche*, 15-IX-1948.

56. Cadaval, Fernando. "Lengua dialectal y lengua común", *La Noche*, 21-I-1950.

57. *Vid*. Rabanal, Manuel. "Nebulosa", *La Noche*, 2-II-1950; "Nebulosa. Galicia es una lengua", *La Noche*, 4-II-1950.

Rabanal evocaba as diferenzas entre a lingua dos tradutores e o latín do pobo, moito maiores, como dicía, que as existentes "entre la fala de un feriante de Arzúa y la prosa de un *parladoiro* de Otero Pedrayo". A partir dese paralelismo, a tese defendida por Rabanal quedaba patente na afirmación derradeira do seu segundo artigo: "Traduzcamos, traduzcamos al gallego lo mejor de las literaturas consagradas. ¡Quién sabe si detrás de estas versiones no está la madurez de la lengua! ¡Quién sabe si después del Círculo de Escipión no vendrá, otra vez, la Edad de Augusto!" Sen dúbida, tal estimación de Rabanal estaba de acordo cunha idea exposta entón por Fernández del Riego noutro artigo en *La Noche*: "Nos urge, también, que se traduzcan al gallego las obras clásicas universales, habida cuenta que de realizarse estas traducciones con rigor y solvencia, nuestro idioma ganaría indudables quilates en difusión, categorización y dignidad literaria"[58].

En verdade, Iglesia Alvariño perdeu estrepitosamente o premio de Bibliófilos Gallegos, máis que nada, polo tipo de lingua das súas versións horacianas. O poeta lugués tiña unha visión dialectal do galego, alén de crer que o noso idioma dificilmente podía ampliar os seus ámbitos de uso máis alá da oralidade e do xénero poético. Só hai que ler o que Iglesia Alvariño declaraba no "Prólogo" dos *Carmina*, onde presumía de que o seu propósito fora "*desvestir* a Horacio da súa vella toga airosa para levalo polas nosas corredoiras"[59].

Unha posición netamente contraposta a esta atopábase no limiar "Aclaración dos tradutores", do *Cancioeiro* de Pokorny, concretamente no epígrafe titulado "O criterio da tradución". Aquí, con nidios trazos, caracterizaba Piñeiro a modalidade de galego seleccionada para verter os vellos poemas célticos. Basicamente se trata dunha lingua de raíz popular, onde os recursos expresivos son de orixe campesiña, debido á propia historia do galego. Agora ben, tales recursos, prosegue Piñeiro, aparecen depurados e desprovistos da "codia do ruralismo vulgar", recanto no que idioma, pola ausencia de cultivo literario, estaba confinado. Para finalizar, Piñeiro proclamaba que, sen existir daquela unha estrema específica entre o galego literario e o galego popular, o *Cancioeiro* aspiraba a erixirse en modelo de lingua común e asemade culta.

Na entrevista de Concha Castroviejo en *El Correo Gallego*, as declaracións de Moralejo Laso ofrecen outras evidencias que facilitan a reconstrución do debate que condenou a tradución de Iglesia Alvariño ao fracaso. Conforme explicaba o catedrático universitario de Latín, o xurado do certame, mesmo actuando "en perfecta armonía", optou por dar preferencia "a aquellas opiniones que pudieran tener más autoridad en los distintos aspectos". Así, Moralejo Laso relataba que el e mais Rabanal prestaran unha atención máis detida, como especialistas en linguas clásicas, á tradución de Iglesia Alvariño, mentres que para xulgar a categoría literaria do galego das distintas versións fora escoitado o xuízo de Xosé María Álvarez Blázquez.

Perante isto, non é preciso un grande esforzo para inferir que Iglesia Alvariño recibiu, polo menos, os votos contrarios de Moralejo Laso, Rabanal e Álvarez Blázquez. Moralejo Laso fora profesor de Latín de Iglesia Alvariño na Facultade de Filosofía e Letras, cando este cursara os seus estudos de licenciatura algúns anos antes. O poeta lugués dedicoulle, non en van, a edición dos *Carmina*, en condición de mestre recoñecido. Nos anos 40, Iglesia Alvariño tamén colaborara con Moralejo Laso nos cursos de verán da Universidade de Santiago de Compostela, en moitos casos impartindo conferencias sobre a lingua dos poetas galegos.

Aínda que por motivos distintos aos que puidese ter Piñeiro, máis comprometido de certo co futuro do idioma, Moralejo Laso non aceptou, xunto con outros compoñentes do xurado, a caste de galego empregada por Iglesia Alvariño nos *Carmina*, ao entender que constituía un sacrilexio rebaixar a elegancia das odas horacianas a un rexistro tan rústico. En síntese, para Piñeiro a lingua de Iglesia Alvariño non se amosaba apta, polas súas propias limitacións, como modelo de galego culto. Para Moralejo Laso, todo se reducía máis ben a un problema de decoro verbal, porque non era admisible, por absolutamente incongruente, que o poeta venusino se expresase como un labrego. Desde logo, é un detalle elocuente que Moralejo Laso non se esquecese de encomiar, na entrevista de Concha Castroviejo, "el fino y claro gallego de los señores Piñeiro y Fernández de la Vega"[60]. Acentuaba ademais que era "un gallego sin innecesarias dificultades ni vulgarismos y de una fluidez de estilo extraordinaria".

Canto á oposición de Rabanal, contamos cun testemuño se cabe aínda máis explícito. En efecto, o catedrático de Grego tivera xa ocasión de diverxer da lingua que o autor de *Cómaros verdes* adoitaba utilizar nas súas traducións. Aconteceu con motivo da publicación en *La Noche*, dous anos antes do certame de Bibliófilos Gallegos, dunha pasaxe da *Ilíada* trasladada por Iglesia Alvariño. En opinión de Rabanal, non resultaba tolerable nesa versión a fórmula "arquexaba coma un boi" como correspondencia do orixinal grego "barea stenachonta", en referencia á dor heroica de Teucro, o lendario personaxe pontevedrés. Así reflectía ironicamente a súa discordancia o que sería despois un dos membros máis significados

do xurado de Bibliófilos Gallegos: "*¡Arquexaba coma un boi!* Sencillamente estupendo. Más homérico que el propio Homero"[61].

Logo da súa publicación polo Instituto Padre Sarmiento, os *Carmina* foron obxecto de abundantes comentarios, moitos deles a insistiren no peculiar modelo lingüístico de Iglesia Alvariño, apegado en demasía á súa terra natal, no corazón da Terra Chá. Non nos deteremos nesa manchea de recensións, a maioría bastante reticentes cando non claramente adversas, posto que xa o fixemos no libro *Ramón Piñeiro, tradutor*[62] e noutros traballos nosos, como o artigo "A *cuestión é non matar as palabras…* (Sobre as *traizóns* de Aquilino Iglesia Alvariño como *traduttore*)"[63]. Nesta ocasión, preferimos centrarnos nun capítulo singular da recepción dos *Carmina*, onde o propio Piñeiro participou de forma activa, que nos posibilita comprender cal foi a causa de que Iglesia Alvariño non obtivese o premio de Bibliófilos Gallegos, malia contar cos mellores agoiros ao seu favor.

Facemos referencia á polémica que, vinte anos máis tarde, mantiveron Piñeiro e Rodrigues Lapa a propósito da variedade culta da nosa lingua. No artigo "A recuperação literária do galego", publicado na revista lisboeta *Colóquio-Letras* en 1973 e axiña reproducido en *Grial*[64], o filólogo lusitano fixera alusión ao que Piñeiro lle confiara acerca do galego de Iglesia Alvariño nas odas horacianas. Como torpe argumento a prol da súa postura reintegracionista, Rodrigues Lapa traía a colación con parcialidade o verso "ben a unha sombra verde estomballado", solución de Iglesia Alvariño para o orixinal latino "viridi membra sub arbuto stratus". De forma non pouco tendenciosa, o polemista de Anadia suxería que o mesmo Horacio, se a este mundo volvese, sentiría invencibles arrepíos diante de tal tradución.

A resposta de Piñeiro non se fixo agardar, e por suposto non evitaba abordar o tipo de galego ao que Iglesia Alvariño transplantara os poemas de Horacio. Da longa réplica de Piñeiro, titulada respectuosamente "Carta a don Manuel Rodrigues Lapa"[65], o que nos interesa é facer fincapé na eiva fundamental que, ao seu ver, presentaba o galego das versións de Iglesia Alvariño. Tal eiva non era outra que o desaforado ruralismo da lingua do autor de *Corazón ao vento*. Fronte a ela, Piñeiro situaba a aposta idiomática plasmada no *Cancioeiro*, máis cabal que a do poeta lugués. Sen abandonar a modestia, Piñeiro aseveraba a continuación que o galego da escolma de Pokorny chegara a converterse en paradigma durante as décadas seguintes, norteando a praxe lingüística das nosas traducións e obras de creación. Esta é a lapidaria conclusión que Piñeiro lle espetaba a Rodrigues Lapa, aclarando de vez a razón esencial de que o xurado de Bibliófilos Gallegos non lle outorgase o premio a Iglesia Alvariño: "A historia literaria do galego nos derradeiros vinte anos é talmente a negación da experiencia realizada coa tradución dos *Carmina*".

Remate

Arribamos ao punto que pretendiamos inicialmente alcanzar coa nosa disección do certame de Bibliófilos Gallegos. Con clarividencia, Piñeiro quixo asignarlle á tradución do *Cancioeiro* de Pokorny a función de combater o prexuízo de índole lingüística que atinxía, pola súa fragmentación dialectal, ao galego. Nese sentido, non nos parece ningún desacerto subliñar que a versión galega desta obra posúe un claro carácter fundacional, ao converterse en modelo da lingua literaria do futuro. Arredor daquelas datas, con perspicacia idéntica, Piñeiro conferíalle á tradución do ensaio *Da esencia da verdade* a función de atacar o prexuízo de natureza sociolóxica tamén lanzado sobre o noso idioma, demostrando que en galego se podía expresar todo, mesmo os pensamentos máis complexos. No seu discurso de entrada na Real Academia Galega, *A linguaxe e as linguas*, Piñeiro despregaría, algúns anos máis tarde, unha impecable coherencia coa estratexia tan ben planificada que dera lugar tanto ao *Cancioeiro* de Pokorny como a *Da esencia da verdade* ■

58. Lorenzana, "La cuestión editorial y el cultivo…", *op. cit.*

59. Iglesia Alvariño, Aquilino (1951). "Prólogo", en Q. Horatii Flacii. *Carmina*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas-Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, p. IX.

60. Asela, "La versión gallega de la obra de Pokorny…", *op. cit.*

61. Rabanal, Manuel. "*Arquexaba coma un boi* (Coloquio con Iglesia Alvariño en torno a *Iliad*. VIII, 334)", *La Noche*, 12-II-1948.

62. *Vid*. Dasilva, *Ramón Piñeiro…*, *op. cit.*

63. Dasilva, Xosé Manuel (2008). "A *cuestión é non matar as palabras…* (Sobre as *traizóns* de Aquilino Iglesia Alvariño como *traduttore*)", en *O alleo é noso. Contribucións para a historia da tradución en Galicia*, Noia: Editorial Toxosoutos, pp. 265-303; antes publicado en *Viceversa* 7-8, 2001-2002, pp. 71-108.

64. Rodrigues Lapa, Manuel. "A recuperação literária do galego", *Grial* 41, 1973, pp. 278-287.

65. Piñeiro, Ramón. "Carta a don Manuel Rodrigues Lapa", *Grial* 42, 1973, pp. 389-402.